



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CLUB NÁUTICO SAN VICENTE PARA A ORGANIZACIÓN DO II RALLY LA BAULE (FRANCIA) E PEDRAS NEGRAS (GALICIA) PARA BARCOSCLÁSICOS E DE ÉPOCA

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria convenio asinado co Clube Náutico San Vicente do Mar arriba referenciado. O instrumento convencional ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

A promoción a través da competitividade e calidade dos portos deportivos, da náutica deportiva, procura a busca de novos e potenciais usuarios dos seus servizos, así como, rentabilizar os investimentos, de tal xeito que pode reverter importantes beneficios indirectos, tales como o incremento da actividade turística na zona de localización do porto coa correspondente xeración de renda inducida a través da actividade de servizos hostaleiros e industria auxiliar da navegación recreativa, sen prexuízo do emprego indirecto que se cree en relación ó mantemento das embarcacións.

Ademais, o crecente interese que as actividades náutico-deportivas, e especialmente a navegación a vela, esperta na poboación e a evidente proxeción económica da actividade, fai que todo o que se desenvolve neste ámbito teña unha importante cobertura polos medios de comunicación social; precisamente polas razóns expostas é polo que o Ente Público considera de interese a promoción social e económica da actividade náutica deportiva.

Dentro da actividade náutico-recreativa os Clubs Náuticos constitúen asociacións deportivas de carácter non lucrativo que teñen entre as súas funcións: a promoción dos deportes náuticos, ensinanza e perfeccionamento técnico de deportes náuticos para deportistas, participación en competicións e eventos deportivos, a organización de competicións, etc...

O Club Náutico San Vicente, entidade de gran prestixio e tradición fundada no ano 1998, ten probada tradición na organización de eventos de grande envergadura nacional e internacional de vela como é especialmente a REGATA DAS ILLAS ATLÁNTICAS para barcos clásicos e de época, que actualmente está considerada como a mais sobranceira nesta clase.

E, ademais, con carácter trienal organiza un Rally entre a costa francesa e Galicia, tamén para barcos clásicos e de época, que remata, precisamente coa celebración da regata das Illas Atlánticas

2. Obxectivos

A finalidade común do convenio asinado era o desenvolvemento do proxecto de promoción do ente público Portos de Galicia, con suxección ás actuacións presentadas polo CN San Vicente, na organización do Rally La Baule – San Vicente.





Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, autorizar mediante o convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Pedras Negras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Este convenio supuxo achega económica por parte de Portos de Galicia, pero non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o convenio asinado, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, a 5 de marzo de 2019

O DIRECTOR XERAL,

-José Ignacio Villar García-

